

Considérase que prexudican obxectivamente a persoa os nomes propios que, por si ou en combinación cos apelidos, resultan contrarios ó decoro.

A substitución do nome propio polo seu equivalente onomástico en calquera das linguas españolas requirirá, se non fose notorio, que se acredite polos medios oportunos esta equivalencia e a grafía correcta do nome solicitado».

«Artigo 194.

Se a filiación está determinada por ámbalas dúas liñas e a salvo a opción prevista no artigo 109 do Código Civil, o primeiro apelido dun español é o primeiro do pai e o segundo apelido o primeiro dos persoais da nai, aínda que sexa estranxeira».

«Artigo 198.

A inversión de apelidos dos maiores de idade poderá formalizarse mediante simple declaración ante o encargado do Rexistro Civil do domicilio e non produce efecto mentres non se inscriba.

O mesmo réxime rexe para a regularización ortográfica dos apelidos para adecualos á gramática e fonética da lingua española correspondente. Cando non fose un feito notorio, deberá acreditarse polos medios oportunos que o apelido pertence a unha lingua vernácula e a súa grafía exacta neste idioma».

#### Disposición transitoria única.

Se no momento de entrar en vigor a Lei 40/1999, do 5 de novembro, os pais tiveran fillos fillos menores de idade dun mesmo vínculo poderán, de común acordo, decidi-la anteposición do apelido materno para tódolos irmáns. Se tales fillos menores de idade cumpriron os doce anos, a alteración da orde dos seus apelidos requirirá a súa audiencia e aprobación en expediente rexistral da competencia do Ministerio de Xustiza.

#### Disposición derradeira única.

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de febreiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Xustiza,  
MARGARITA MARISCAL DE GANTE Y MIRÓN

## XEFATURA DO ESTADO

**4214** *CORRECCIÓN de erratas da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. («BOE» 54, do 3-3-2000.)*

Advertidas erratas no texto da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, publicada no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 1 en lingua galega, do 20 de xaneiro de 2000, procédese a efectuar as oportunas modificacións:

Na páxina 132, primeira columna, artigo 16, punto tres, segundo parágrafo, cuarta liña, onde di: «... que efectúen, en cumprimento dos...», debe dicir: «... que efectúen en cumprimento dos...».

Na páxina 148, segunda columna, artigo 63, punto catro, parágrafo 2), terceira liña, onde di: «... uso dos prezos e suxeición...», debe dicir: «... uso dos predios e suxeición...».

Na páxina 162, segunda columna, disposición adicional trixésimo cuarta, número 1, sétimo parágrafo, quinta liña, onde di: «... disposicións que se relacionan no anexo I desta lei.», debe dicir: «... disposicións vixentes no momento en que se practicaron as correspondentes liquidacións.».

